

VISIONS SOBRE LABACA

Concurso



OBXECTO

Convócase o concurso de creación gráfica VISIONS SOBRE LABACA en torno á celebración do centenario das Escolas Labaca da Coruña, 1915-2015.

Esta actividade, organizada conxuntamente polo CEIP Labaca e a ETSAC, pretende salientar o valor do seu patrimonio arquitectónico, o seu papel urbano e a súa importancia no eido didáctico e institucional.

BASES

- 1.-A participación está aberta a calquera persoa que desexe presentarse.
- 2.-O concurso estrutúrase en tres categorías: fotografía, debuxo e outros soportes gráficos. Cada concursante pode participar nunha ou varias categorías cun máximo dun traballo en cada unha delas.
- 3.-O formato da entrega será nun único soporte rixido de tamaño DIN A3.
- 4.-A entrega farase nas direccións ben da ETSAC ou do CEIP Labaca, en horario de mañá.
- 5.-O traballo, obxecto do concurso, debe introducirse nun sobre pechado onde non figure ningún nome nin marca, só a categoría na que participa. O sobre conterá:
 - A obra en soporte rixido co lema/título colocado no reverso
 - Un sobre DIN A 5 co lema/título da obra na parte exterior e no interior unha folla coa seguinte información: nome, apelidos, teléfono e correo electrónico.
- 6.-A data límite para a presentación de traballos será o 10 de marzo ás 14:00h.
- 7.- O fallo do xurado se fará público na web da ETSAC dentro dos quince días posteriores á entrega.
- 8.-Os autores dos traballos ceden o dereito para a súa exposición e/ou publicación.
- 9.-Os participantes poderán acceder ás instalacións docentes do CEIP Labaca na rúa Juan Flórez 112 e 114, en horario de mañá, chamando ao teléfono 981274019 e concertando co director do centro a data da visita.

PREMIOS

Haberá tres primeiros premios, un por cada unha das categorías, que consistirá nun premio en metálico de 250€ e que foi doado pola editorial ANAYA. O xurado, en función da calidade dos traballos presentados, poderá conceder un accésit nas categorías que estime oportuno.

XURADO

O xurado terá catro membros e estará composto polos directores da ETSAC e do CEIP Labaca e dous profesores de Expresión Gráfica da Escola de Arquitectura.

A Coruña, 15 de xaneiro de 2015

Andrés Soto, director do CEIP Labaca
Fernando Agrasar, director da ETSAC